

## **NORMAS DO SORTEO DE XUVENTUDE CULLEREDO #AdventoCIPAX**

**1.- ORGANIZA O CONCELLO DE CULLEREDO** con domicilio en (Rúa do Concello, 12, 15189 Culleredo, A Coruña (en diante Concello de Culleredo) ten previsto organizar un concurso denominado “**ADVENTO CIPAX**” (en diante o concurso) que se rexerá polo previsto nas seguintes normas. A finalidade do concurso é promover a participación da mocidade nas redes sociais de Xuventude Culleredo.

As presentes bases poden consultarse na web do Concello de Culleredo, en [www.culleredo.es](http://www.culleredo.es).

### **2.- DESVINCULACIÓN CON FACEBOOK, TWITTER E INSTAGRAM**

Nin Facebook, nin Twitter, nin Instagram patrocinan, avalan ou administran de modo algún esta promoción nin están asociados a ela.

O/A usuario/a desvincúlase totalmente de Facebook, Twitter e Instagram e é consciente de que está a proporcionar a súa información ao Concello de Culleredo e non a Facebook, Twitter ou Instagram.

### **3.- ÁMBITO E DURACIÓN DO CONCURSO**

Este concurso desenvolverase no territorio español.

O período de participación será entre os días 12 de decembro de 2022 e 6 de xaneiro de 2023 (ambos incluídos).

O Concello de Culleredo resérvase o dereito a modificar, cancelar e/ou suspender o concurso cando concorran causas alleas á súa vontade.

En caso de producirse unha modificación, cancelación ou suspensión do concurso comunicarase polo mesmo medio que teña sido publicitado o concurso.

### **4.- PREMIOS**

Haberá un lote de produtos, a destacar unha tablet, altofalantes inalámbricos, soportes para o móbil, bolsas de deporte, suadoiros...

### **5.- LEXITIMIDADE E REQUISITOS PARA PARTICIPAR**

Poderán participar no concurso e optar a premio todas aquelas persoas físicas, menores de 30 anos, residentes legais en España, que cumpran os requisitos detallados nestas normas e que completen todo o proceso de participación no concurso descrito nas mesmas.

Non poderán participar no presente concurso o persoal do Concello de Culleredo nin as persoas que teñan intervido na realización ou organización das actividades de Entroido.

### **6.- FISCALIDADE DOS PREMIOS**

Serán de aplicación todas as disposicións de carácter fiscal pertencentes aos premios do concurso, segundo a lexislación aplicable en cada momento. Non obstante, o valor dos premios individuais non supera os 300 euros, polo que non está suxeito a ningunha retención, de conformidade coa normativa do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

### **7.- MECÁNICA DO CONCURSO**

O feito de participar no concurso implica que a persoa participante acepta expresa e integramente as condicións destas normas.

Para participar hai que:

- Dispor de conta en, cando menos, unha das seguintes redes sociais: Facebook, Instagram ou Twitter nas que se desenvolverá o concurso.
- No caso de Facebook, debe ser seguidor/a da páxina de fans Xuventude Culleredo; e mencionar a un amigo/a.
- No caso de Instagram, debe ser seguidor/a da páxina de fans Xuventude Culleredo; e mencionar a un amigo/a.
- No caso de Twitter, debe ser seguidor/a da conta oficial de Xuventude Culleredo; e mencionar a un amigo/a.
- As persoas que participen neste concurso aceptan as normas.

É obrigatorio que as persoas participantes sexan seguidoras das contas do Concello de Culleredo nas que se vai desenvolver o concurso coa fin de recibir notificacións sobre o resultado do concurso, cambios que se podan producir, etc. Isto é:

- En Twitter: @xuventudeculleredo

- En Facebook: @cipaxculleredo

- En Instagram: @xuventudeculleredo

Coa aceptación do premio, as persoas gañadoras asumen que non lles confire dereito de remuneración ou beneficio algún con excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas normas.

## **8.- REGLAS DE CONDUCTA**

Teranse presentes as seguintes consideracións:

a) O Concello de Culleredo resérvase o dereito a rexeitar a participación daqueles perfís que considere que poidan ser “fraudulentos”. Considerarase un/unha usuario/a como malicioso cando se faga patente que está levando a cabo as actividades relacionadas coa promoción dun xeito antinatural ou artificial mediante, por exemplo:

1. O uso de bots ou sistemas automáticos que posteen en Facebook/Twitter/Instagram sen control expreso do usuario.
2. Uso de contas non lexítimas creadas para a promoción en Facebook/Twitter/Instagram.
3. Non se aceptará o concurso de contas duplicadas ou falsas.
4. Está terminante prohibido:
  - A. Postear comentarios descalificacións sobre outras persoas participantes.
  - B. Postear comentarios irrelevantes ou que poidan ser considerados spam.

O Concello de Culleredo resérvase o dereito a decidir se os comentarios cumpren os requisitos de contido estipulados nas presentes normas e poderán cancelar a participación no concurso de calquera usuario/a en calquera momento, sen necesidade de previo aviso e á súa elección exclusiva.

## **9.- COMUNICACIÓN ÁS PERSOAS GAÑADORAS**

Cada un dos usuarios que cumpra os requisitos descritos nestas normas para participar será admitido no concurso.

Unha vez determinadas as persoas gañadoras do concurso, o Concello de Culleredo fará públicos os perfís gañadores a través de sendas publicacións nos seus espazos nas 3 redes nas que se pode participar.

As persoas gañadoras deberán poñerse en contacto co Concello de Culleredo a través dunha mensaxe privada a través da rede social coa que participaron (Twitter, Facebook ou Instagram) para poder tomar nota dos seus datos e artellar a entrega do premio. O prazo para contactar será de 15 días desde a publicación das persoas gañadoras nas diferentes redes sociais nas que se participaba no concurso.

No caso de non poder contactar coas persoas gañadoras, que estas non cumpran os requisitos recollidos nestas normas, non contacten nos prazos e canles establecidas nestas normas para identificarse como as persoas gañadoras, ou que rexeiten o premio ou non poidan acudir a recollelo no día e hora fixados polo Concello, a organización decidirá se declara deserto ese premio concreto ou procede a sortear os premios pendentes entre o resto das persoas participantes non gañadoras.

En ningún caso se poderá reclamar o premio con posterioridade aos prazos aquí estipulados.

A persoa gañadora recollerá o seu premio identificándose á hora de recollelo co seu D.N.I., N.I.E., pasaporte, carné de conducir, tarxeta de residente, identificación similar que acredite a súa identidade.

É factible que a persoa gañadora nomee unha persoa para que acuda á recollida do premio no seu lugar, pero nese caso deberá facilitar tamén os datos da persoa que o representará, e ésta deberá identificarse no momento da recollida do premio co seu D.N.I., N.I.E., pasaporte, carné de conducir, tarxeta de residente ou identificación similar que o acredite como a persoa designada polo gañador/a do premio para actuar na súa representación. En calquera caso, a persoa que acuda a recoller o premio (sexa o gañador ou ben o seu representante), deberá asinar un documento conforme o premio lle foi entregado.

#### **10.- ENTREGA DO PREMIO, COMUNICACIÓN E USO PÚBLICO DA IMAXE DA PERSOA GAÑADORA.**

O premio deberá recollese na data, hora e lugar que sinale o Concello de Culleredo aos efectos e que comunicará ás persoas gañadoras.

Tanto cada persoa gañadora como, se fose o caso, a persoa que cada ganador teña designado como o seu representante, aproban acceder a que se lle tomen fotografías durante o acto de entrega do premio, así como a que o Concello de Culleredo empregue o seu nome e imaxe con fins publicitarios, en calquera medio e material publicitario.

Así, a persoa gañadora e quen a represente autorizan, ao participar na acción, ao Concello de Culleredo a reproducir, empregar e difundir o seu nome, apelidos e imaxe en calquera actividade publicitaria e/ou promocional que estea relacionada con esta, mesmo mentres goce do premio, todo isto en calquera medio, incluído internet, sen que ditas actividades lles confiran dereito de remuneración ou beneficio algún con excepción feita da entrega do premio gañado conforme estas normas.

A persoa que resulte gañadora, ou un dos seus titores legais (se correspondese) deberán asinar un xustificante de recepción do premio. En caso contrario perderían o seu dereito á recepción do premio.

#### **11.- CONDICIÓN E INCIDENCIAS**

A participación neste concurso conleva a aceptación expresa dos/as participantes das presentes normas, quenes autorizan expresamente a divulgación dos seus nomes por parte do Concello de Culleredo.

O Concello de Culleredo resérvase o dereito a ampliar ou aprazar o período do concurso, así como a modificalo ou cancelalo, se concorresen circunstancias excepcionais que impedisen a súa realización, comunicando ditas circunstancias de tal maneira que se evite calquera prexuízo para os participantes. O Concello de Culleredo non será responsable dos retrasos, perdas ou deterioros por causas que non lle sexan imputables.

O Concello de Culleredo queda exonerado de toda responsabilidade por danos e prexuízos de toda natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade do funcionamento das aplicacións de Facebook e Twitter mediante as que se participa no concurso. Tampouco será responsable o Concello de Culleredo en caso de mal funcionamento da rede de internet que impida o normal desenvolvemento do concurso por causas alleas ao Concello de Culleredo.

O Concello de Culleredo queda exonerado dos fallos cuxa responsabilidade sexa do/a participante, ou dos fallos ou interrupcións do servizo que sexan debidos ao provedor de servizos de conectividade a internet, fallos de Facebook, Instagram ou Twitter fallo de conectividade á rede eléctrica ou a calquera terceiro, que escape ao control do Concello de Culleredo.

O Concello de Culleredo queda exonerado dos erros de seguridade que se poidan producir, aos danos que se poidan causar ao sistema informático dos/as participantes ou de terceiros/as (hardware, software) ou aos ficheiros ou documentos que se almacenen como consecuencia dun virus no ordenador do participante durante a súa participación no concurso así como nas comunicacións posteriores en relación ao concurso.

O Concello de Culleredo resérvase o dereito de eliminar do concurso, por causa xustificada, a calquera usuario que defraude, altere ou inutilice o bo funcionamento e o transcurso normal e regramentario deste.

O Concello de Culleredo resérvase o dereito de emprender accións xudiciais contra aquelas persoas que realicen calquera tipo de acto susceptible de ser considerado manipulación ou falsificación do concurso.

Así mesmo, calquera tipo de fraude detectado no sistema de participación determinará a inmediata eliminación dos participantes afectados.

#### **12.- XURISDICCIÓN COMPETENTE**

Para o coñecemento de calquera litixio que puidese plantexarse canto á interpretación ou aplicación das presentes normas, o Concello de Culleredo e os participantes desta actividade sométense expresamente á xurisdición e competencia dos xulgados e tribunais da Coruña, con renuncia expresa a calquera outro foro que lles puidese corresponder.

O Concello de Culleredo resérvase o dereito de aplicar, interpretar e modificar estas normas e de decidir sobre os casos non previstos nelas.

### **13.- DEPÓSITO DE NORMAS**

As presentes normas publicaranse na plataforma a través da cal se realizará o concurso.

### **14.- PROTECCIÓN DE DATOS**

Coa participación neste concurso, os/as gañadores/as prestan o seu consentimento expreso para o tratamento dos seus datos persoais por parte do Concello de Culleredo conforme ás disposicións da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), que se incluírán nun ficheiro automatizado propiedade do Concello de Culleredo. Garántese aos participantes o dereito de acceso, rectificación e eliminación dos seus datos persoais para o que terán que dirixirse ao Concello de Culleredo (Rúa do Concello, 12, 15189 Culleredo, A Coruña - Correo electrónico: rgpd@culleredo.es) ou persoalmente nas oficinas do Concello en horario de atención ao público. Nos dous casos deberá identificarse presentando unha fotocopia do D.N.I. ou calquera outro documento oficial de identificación.

Unha vez rematado este concurso, o Concello de Culleredo conservará os datos que lle teñan facilitado as persoas participantes. Así, e en cumprimento do disposto na Lei 34/2002, de 11 de xullo de servizos da sociedade de información e de comercio electrónico, os/as participantes prestan o seu consentimento ao Concello de Culleredo para recibir comunicacións.

**15. – ACEPTACIÓN DAS BASES** A participación no concurso “AdventoCIPAX” supón a total aceptación das presentes bases, así como do proceso de sorteo para acceder o mesmo. Para calquera cousa non establecida nestas bases o Concello de Culleredo será a entidade que decida como proceder en cada caso.

En Culleredo a 12 de decembro de 2022.